



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Comunicación intercultural

Materia	Comunicación intercultural			
Código	O03G440V01203			
Titulación	Grao en Relacións Internacionais			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Acuña Ferreira, Antonia Virginia			
Profesorado	Acuña Ferreira, Antonia Virginia			
Correo-e	virginia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Destacarase a importancia da comunicación como factor clave no eido da relacións internacionais. Farase fincapé no concepto de comunicación intercultural, na influencia da comunicación dende o ámbito internacional así coma nas diferentes realidades que atinxen á comunicación alternativa.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B2	Adquirir a habilidade para traballar nun contexto internacional
C1	Dominar a expresión, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse no exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero, nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional, co obxectivo de acadar una sociedade mais xusta e igualitaria.
C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
D3	Coñecer os conceptos, teorías e técnicas aplicadas á análise dos actores e relacións internacionais, tanto no ámbito universal coma no rexional, cunha perspectiva tanto histórica coma contemporánea
D10	Adquirir coñecemento das técnicas, métodos de traballo e análise das ciencias humanas, sociais e xurídicas

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os medios de comunicación comunitarios e non comunitarios para aprender a incorporalos aos plans de comunicación.	A2 A3	B2	C1	D3 D10
Acadar unha maior comprensión dos conflitos interculturais e as súas posibles causas.	A2	B2	C4 C7	D3
Aprender a planificar diferentes estratexias de comunicación.	A2 A3		C1 C7	

## Contidos

Tema
1. Comunicación intercultural
2. Comunicación e desenvolvemento

3. Estructura de comunicación

- 3.1. Modelos de comunicación
- 3.2. Imperialismo cultural e estudos culturais
- 3.3. Fontes e desinformación

4. Comunicación alternativa. Valores sociais e comunitarios na comunicación

(\*)5. Nuevas tecnoloxías de la comunicación y desarrollo social

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	16	16	32
Presentación	2	4	6
Estudo de casos	7.5	4	11.5
Traballo tutelado	24	54	78
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	10	11
Exame de preguntas obxectivas	1	9.5	10.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Lección maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Adoita entenderse tamén como un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Presentación	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Traballo tutelado	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do [cómo facer as cousas]. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O desenvolvemento de cada unha destas actividades contará con atención personalizada e continuada tanto na aula como fóra dela, co obxecto de apoiar ou reconducir a planificación ou execución e liquidar as dúbidas oportunas. Para o desenvolvemento desta atención personalizada contéplanse tutorías presenciais, xunto co seguimento continuo na aula e a través da plataforma virtual docente.

**Avaliación**

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Valorarase a participación activa.	10	A3 B2 C1
Traballo tutelado	Os docentes presentarán ao longo do curso un ou varios traballos ao alumnado. É imprescindible seguir as instrucións dadas e cumprir cos prazos e requisitos previstos. O incumprimento destes requerimentos implicará a anulación da entrega e, por tanto, da súa valoración (zero puntos).	40	A2 B2 C1 A3 C4 C7

Exame de preguntas de desenvolvemento	Parte do exame da materia baseada en preguntas abertas de desenvolvemento. Para superar a materia é preciso superar o exame.	25		C1 D3 C7 D10
Exame de preguntas obxectivas	Parte do exame da materia que pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Para superar a materia é preciso superar o exame .	25	A2	C1 D3 C7 D10

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación descrito nesta guía corresponde a un modelo de **avaliación continua**, que require asistencia ás clases. Porén, o alumnado pode optar por unha **avaliación final**, baseada nunha serie de metodoloxías comunicadas ao alumnado polo docente co fin de avaliar a adquisición das competencias requeridas. A partires do inicio do curso académico, o alumnado que opte por esta última opción deberá comunicar ao profesorado encargado, no prazo dun mes, a súa renuncia á avaliación continua.

As **datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación** das diferentes convocatorias serán os sinalados no **calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-2024** e documentación concordante.

O alumnado que goce de **dispensa académica** e non desexe a avaliación final pode poñerse en contacto coa profesora da asignatura, ata o día **25 de setembro**, a fin de acordar un itinerario personalizado que supla as ausencias nas aulas. Fóra desta data non serán atendidas peticións deste tipo.

Na avaliación continua, a superación da materia require que **o/a estudante obteña un mínimo de 5 na puntuación global** (50 puntos), **sendo preciso aprobar ambas partes** (teórica e práctica). Neste cómputo **non se inclúen os exercicios non orixinais do/a estudante nin aqueles traballos entregados fóra de prazo ou nun formato diferente ao indicado**.

Valorarase positivamente a participación activa durante as clases, tanto nas teóricas como nas prácticas.

Coa proposta de cada traballo e/ou actividade, o/a docente explicará detalladamente o contido e normas formais, así como o tipo de soporte e data de entrega.

Aqueles estudantes que non completen o proceso de avaliación continua e/ou que non se presentaron ao exame da convocatoria oficial poderán optar á segunda oportunidade establecida polo calendario de exames oficiais. Nesta convocatoria o/a docente fixará un novo prazo de entrega dos traballos prácticos antes da data prevista para a convocatoria oficial do exame.

En termos xerais, en todos os exercicios prácticos valorarase a capacidade de expresión, análise e síntese; a capacidade crítica, analítica e reflexiva; a redacción, o estilo e a corrección gramatical e ortográfica, así como o coidado formal na presentación dos exercicios.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

As **titorías** do profesorado da materia poden consultarse e/ou solicitarse enviando unha mensaxe a través da páxina correspondente na plataforma virtual docente.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Barranquero, A. & Baeza, C.S., **La comunicación desde abajo: historia, sentido y prácticas de la comunicación**, Gedisa, 2021

Grupo CRIT, **Culturas cara a cara: relatos y actividades para la comunicación intercultural**, Edinumen, 2006

León Civera, J.M, **Entre culturas anda el juego: comunicación cultural e internacionalización**, Granica, 2003

Rodrigo Alsina, M., **Comunicación intercultural**, Anthropos, 1999

#### Bibliografía Complementaria

Celedón, M., **Comunicación intercultural. Guía para saber comunicar y negociar con otras culturas**, Fundación Confemental, 2021

García López, M., García Galindo, J.A. & Huerta Floriano, M.A. (Coords.), **El papel de la universidad en los procesos de comunicación y cooperación para el desarrollo social y humano**, Fragua, 2014

Grupo CRIT, **Claves para la comunicación intercultural**, Publicacions de la Universitat Jaume, 2003

---

Martínez Hermida, M. y Sierra caballero, F. (Eds.), **Comunicación y desarrollo: prácticas comunicativas y empoderamiento local**, Gedisa, 2012

---

Ivorra Pérez, F.M., **La comunicación intercultural y el discurso de los negocios**, Universidad de Alicante, 2014

---

---

## **Recomendacións**

---

### **Outros comentarios**

---

Os/as alumnos/as deberán consultar semanalmente a plataforma virtual de docencia, pois será o espazo a través do cal se lles comunicará toda a información necesaria sobre a materia: documentos, avisos e calificacións.

No inicio do curso os docentes facilitarán máis bibliografía e material centrado na materia.

---